



O pasamento de Engracia Vidal deixa un oco no corazón de *Encrucillada* que ningún in memóiriam é quen de encher completamente. Porén, Andrés Torres Queiruga e Marisa Vidal non renuncian a expresar e a agradecer con verbas que, probablemente, compartan á letra todas as persoas que a coñeceron, o inmenso e meritorio labor dunha muller forte e decidida coma Engracia. Sexa, pois, esta primeira palabra deste novo número un sincero homenaxe para quen foi a alma executiva da nosa revista desde a súa fundación.

Como saben todos os nosos subscritores, *Encrucillada* é unha revista atenta ao máis recente acontecer eclesial. E calquera observador informado saberá que nos últimos tempos están a xermolar determinados movementos con moito éxito entre certos estratos da mocidade. Non hai moita bibliografía sobre eles e de seguro que para moitas das nosas lectoras e lectores poden ser completamente descoñecidos. Porén, é moi probable que non tarden en ter algunha nova respecto deles, pois estanse a espallar con forza e determinación. Neste número ofrecemos tres reflexións serias, documentadas e obxectivas sobre estes movementos eclesiais.

Dous xesuítas novos, Alberto Cano e Álvaro Lobo, reflexionan sobre o seu perfil xeral, sen nomear concretamente a ningún, desde un punto de vista maiormente pastoral. Fernando Vidal e Manuel Regal aterran este achegamento xenérico no movemento actual de máis sonda: Hakuna. Trátase, probablemente, dos primeiros estudos que, de forma seria e equilibrada, con atención aos textos do cura inspirador, presentan a proposta teolóxica, espiritual, litúrxica, pastoral e mesmo musical dun novo fenómeno que, segundo parece, non para de medrar.

Como a medrar continúa, tamén, a afouteza da Revolta de mulles na Igrexa. Publicamos neste número o texto do acto que tivo lugar en Santiago o 3 de marzo de 2024 e no que se pode ver un pulo de dignidade e reivindicación que tamén é compartido pola Proposta de traballo que envían as comunidades cristiás LGTBIQ+ á CEE en relación co sínodo sobre a sinodalidade.

A todo isto hai que engadir, con pesar, que finou o teólogo José María Castillo. Francisco Martínez Sánchez asina un sentido recordo sobre a súa obra e o seu talante persoal.

A atención que *Encrucillada* presta ao acontecer eclesial non impide que, tamén, nos fixemos noutros acontecementos sobre os que cómpre, igualmente, sentir e reflexionar. Sobre as últimas eleccións en Galicia detense a pensar Serxio María Rodríguez Álvarez. E sobre a dramática e estarrecedora invasión israelí de Gaza publicamos o manifesto promovido por Redes cristiás que chama a deter tanta barbarie.

Para celebrar o Día das Letras Galegas ofrecemos un texto de Marica Campo sobre a autora homenaxeada, Luísa Villalta, así como tamén un traballo de Lorena Conde.

No número 235 foi imposible introducir a versión definitiva do artigo no que Monseñor Cadiñanos plasmou a súa participación no Foro de Encrucillada 2023. Publicámolo agora na nosa web na versión completa que recibimos do bispo de Mondoñedo-Ferrol. Podedelo atopar en www.encrucillada.gal. Animádevos a visitar a nova páxina. Está chea de contidos e oportunidades ben interesantes.

A Rolda de Igrexa de Manolo Regal, xunto cos debuxos de Soeidade Pite, así como varias recensións asinadas por Ramón Cao e unha de quen isto subscribe completan un número que desexamos que sexa do voso agrado. Feliz coresma de camiño cara a Pascua.

Pedro Castelao